



RESOLUCIÓN DO 06 DE MAIO DE 2025, DO XERENTE DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE POLA QUE SE ANUNCIA A CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE CONCURSO DE MÉRITOS, DE TRES POSTOS DE XEFE/A DE GRUPO – DA ÁREA DE PRODUCIÓN DE COCIÑA DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DA CORUÑA

O Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo) regula a provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

En desenvolvemento do citado Decreto, ditouse a Orde da Consellería de Sanidade do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño), pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

Con base no exposto, o Xerente da Área Sanitaria da Coruña e Cee, ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 3 da citada Orde do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño), pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde,

RESOLVE

CONVOCAR, para a súa cobertura polo procedemento de CONCURSO DE MÉRITOS, os postos que se indican no Anexo II, así como aprobar as Bases (Anexo I), as características e funcións dos posto convocado (Anexo II), o modelo de solicitude de participación (Anexo III), o baremo de méritos (Anexo IV), que rexerán na presente convocatoria.

As retribucións dos postos ofertados serán as que correspondan segundo a Orde da Consellería de Facenda, pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da administración autonómica.



No procedemento de provisión dos postos que se convocan resultan de aplicación as normas xerais de procedemento contidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, as específicas de provisión de prazas de persoal estatutario contidas na Lei 55/2003, do 16 de decembro, pola que se aproba o Estatuto Marco do persoal estatutario dos Servizos de Saúde (B.O.E de 17 de decembro de 2003) no Decreto 206/2005, do 22 de xullo (D.O.G nº 145, do 29 de xullo) polo que se regula a provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde e na Orde da Consellería de Sanidade do 24 de maio de 2006 (D.O.G nº 106, do 5 de xuño), pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde e demás de pertinente aplicación.

Contra a presente Resolución, poderá interporse recurso de alzada perante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo de VINTE DÍAS NATURAIS, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, nos termos dos artigos 121 e seguintes da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DILIXENCIA:

Para facer constar que o dia 16 de maio de 2025 publicase no DOG número 93 o anuncio da presente convocatoria e procédese á súa publicación na páxina web do Espazo do Profesional da Área Sanitaria da Coruña e Cee e na páxina web do Servizo Galego de Saúde

O Díñeiro de Recursos Humanos

José Fernández Nistal

A Coruña, 06 de maio de 2025.

XERENTE DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA

E CEE

LUIS VERDE REMEIRO



ANEXO I

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA O PROCEDIMENTO DE PROVISIÓN DE TRES POSTOS DE XEFE/A DE GRUPO – DA ÁREA DE PRODUCIÓN DE COCIÑA DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DA CORUÑA

Primeira. Requisitos dos aspirantes

Para seren admitidos no citado procedemento de provisión os aspirantes deberán posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da toma de posesión os seguintes requisitos:

- Ostentar a condición de persoal estatutario, en situación de servizo activo en algunha das categorías de persoal de xestión e servizos dos grupos C1 ou C2 (función administrativa), con vínculo de fixeza e situación de servizo activo na categoría profesional.
- Tendo en conta as características e funcións xerais a desenvolver, requírese vínculo de fixeza e servizo activo na categoría de Cociñeiro/a.

Segunda. Solicitudes e documentación

As persoas interesadas en participar na convocatoria deberán de presentar solicitude, segundo modelo de instancia que se xunta como Anexo III, que estará á súa disposición na Oficina do Espazo do profesional da Área Sanitaria da Coruña e Cee, así como na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es), debendo achegar ademais xunto coa solicitude:

- 1.- Documento de identificación: fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que acredite a identidade, debidamente compulsados.



- 2.- Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos de admisibilidade, establecidos na base primeira da Resolución da convocatoria, acreditación que deberá efectuarse mediante:
 - 2.1.- Certificación expedida polo Servizo Galego de Saúde de que ostenta a condición de persoal estatutario fixo e situación de servizo activo na categoría de Cociñeiro/a.
- 3.- Méritos: xunto coa solicitude deberá aportarse a documentación compulsada acreditativa dos méritos alegados .

Os aspirantes deberán ter debidamente rexistrados os méritos alegados no sistema informático Fides/expedient-e e acreditados documentalmente polos profesionais antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Os participantes non deberán presentar ningunha documentación acreditativa de méritos que xa consten validados na aplicación informática. Non obstante, a administración poderá requirir en calquera momento a achega de documentación complementaria demostrativa de calquera requisito ou mérito áinda que conste validado.

Valoraranse os méritos causados ata o día inmediatamente anterior ao da publicación do anuncio da convocatoria no DOG e que sexan acreditados dentro do prazo de presentación de instancias.

Terceira. Prazo e lugar de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de VINTE días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da presente convocatoria no Diario Oficial de Galicia.



As solicitudes presentaranse, xunto coa documentación a aportar sinalada na base segunda, preferentemente no Rregistro da Área Sanitaria da Coruña e Cee e, así mesmo, poderán presentarse por calquera dos medios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Será causa de inadmisión no citado procedemento de provisión a presentación extemporánea da solicitude pola persoa interesada.

As persoas aspirantes quedan vinculadas aos datos que fixesen constar na súa solicitude. O domicilio que figure na mesma considerarase como o único válido a efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva da persoa candidata tanto os erros na consignación do mesmo como a falla de comunicación de calquera cambio de domicilio.

Cuarta.- Admisión de aspirantes

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, o órgano convocante ditará resolución, que se publicará na páxina web do Espazo do Profesional da Área Sanitaria da Coruña e Cee e na páxina web do Servizo Galego de Saúde, e na cal se declarará aprobada a lista provisoria de persoas admitidas e excluídas, así como as causas da súa exclusión.

As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de 5 días, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto ou defectos que motivasen a exclusión.

Transcorrido este prazo, a Xerencia resolverá as reclamacións presentadas e publicará a relación definitiva de persoas solicitantes admitidas e excluídas na páxina web do Espazo do Profesional e na páxina web do Servizo Galego de Saúde. A estimación ou desestimación das peticións de emenda entenderase implícita na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas.



O feito de figurar na relación de persoas admitidas non implica que se lle recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos na convocatoria. Cando da documentación que debe presentarse se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación no procedemento.

Quinta. Sistema de Selección

A provisión do posto convocado levarase a cabo por un procedemento consistente nun concurso de méritos no que se valorarán os méritos acreditados polas persoas aspirantes nos termos e cos límites establecidos no Anexo IV da Resolución de convocatoria.

A puntuación total que as persoas aspirantes poderán acadar no proceso selectivo será 100 puntos.

De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

- a) Pola orde de maior a menor puntuación obtida polas persoas interesadas en cada apartado do baremo, pola orden das súas letras.
- b) De maior a menor idade.

A comisión de selección poderá solicitar os informes que considere necesarios en relación ao currículo profesional do candidato.

Sexta. Comisión de Avaliación

Para valorar os méritos das persoas aspirantes constituirase unha comisión técnica, de 3 membros, que terá a seguinte composición:

Presidente: O Director de Recursos Humanos ou persoa en quen delegue.

Vogais:

- Director de Recursos Económicos.
- Subdirectora de Recursos Económicos.

Secretario: A Comisión será asistida por un/unha Secretario/a de actas designado/a igualmente polo órgano convocante entre persoal funcionario do corpo superior ou estatutario fixo, de xestión e servizos, do grupo superior de clasificación.

O órgano convocante publicará na páxina web do Espazo do Profesional e na páxina web do Servizo Galego de Saúde a Resolución pola que se nomean as persoas integrantes da Comisión de Avaliación. Os citados membros deberán absterse de intervir, notificándoo ao órgano que efectuou o seu nomeamento, cando concorran neles algunha das circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros da Comisión cando concorran as circunstancias previstas na citada Lei.

No seu funcionamento, esta Comisión rexerase polo establecido no capítulo II, sección III, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Corresponde á Comisión de Avaliación baremar os méritos aportados polas persoas aspirantes nos termos e cos límites establecidos no Anexo IV da Resolución de convocatoria.

Unha vez rematada a baremación dos méritos procederase a publicar pola Comisión de Avaliación, na páxina web do Espazo do Profesional da Área Sanitaria da Coruña e Cee e na páxina web do Servizo Galego de Saúde, a listaxe provisional coas puntuacións asignadas ás persoas aspirantes, ou a proposta da Comisión de que se declare deserta a

convocatoria, con apertura dun prazo de 15 días hábiles para a presentación, de ser o caso, de reclamacións.

Despois da valoración das reclamacións pola Comisión avaliadora, publicarase a listaxe coas puntuacións definitivas ou ratificación da proposta de que se declare deserta a convocatoria. As reclamacións formuladas contra a resolución provisional serán rexeitadas ou admitidas por medio da resolución definitiva, que se publicará na páxina web do Espazo do Profesional da Área Sanitaria da Coruña e Cee e na páxina web do Servizo Galego de Saúde.

Sétima.- Resolución

A resolución, co nomeamento das persoas aspirantes, de ser o caso, seleccionadas, será publicada no Diario Oficial de Galicia.

Oitava.-Toma de posesión

As persoas aspirante seleccionadas deberán cesar na praça que desempeñen dentro dos tres días hábiles seguintes a aquel en que se publique a resolución no Diario Oficial de Galicia.

A toma de posesión do posto de traballo adxudicado deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao do cesamento. Para estes efectos, entenderase por praça desempeñada a efectivamente ocupada, con independencia de que sexa en condición de destino definitivo, adscrición ou destino provisional ou comisión de servizos.

Se así o permiten as necesidades do servizo, e por petición motivada da persoa interesada, os prazos a que se refiren os parágrafos anteriores poderán ser prorrogados polo órgano convocante.

O prazo de toma de posesión e a súa prórroga terán a consideración de servizo activo, percibíndose os correspondentes haberes de conformidade co que estableza a orde sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica.

Entenderase que solicita a excedencia voluntaria por interese particular, e será declarado nesa situación polo órgano competente, quen non se incorpore ao posto adxudicado no prazo establecido.

Novena.- Cesamento

Os/As profesionais nomeados/as poderán ser cesados/as pola Xerencia por causas sobrevidas, derivadas tanto dunha reordenación da estrutura xerárquica da Institución como da falta de capacidade para o desempeño do posto.

O cesamento virá precedido dun procedemento que garanta a audiencia ás persoas interesadas, sendo informados/as os/as representantes do persoal.

Décima.- Normas xerais

A publicación dos actos e resolucións que se diten na tramitación deste procedemento realizarase na páxina web do Espazo do Profesional da Área Sanitaria da Coruña e Cee e na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es)



ANEXO II

XEFE/A DE GRUPO – DA ÁREA DE PRODUCIÓN DE COCIÑA DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DA CORUÑA

Denominación do posto	XEFE/A DE GRUPO – DA ÁREA DE PRODUCIÓN DE COCIÑA DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DA CORUÑA
Código orzamentario	N-C1-02
Número de postos	3
Área Funcional	Cociña
Características:	O posto convocado dependerá organicamente da Dirección de Recursos Económicos, integrado no Servizo de Hostalaría da Área Sanitaria da Coruña e Cee.
Funcións dos postos	<ul style="list-style-type: none">• Dirixir e planificar a producción e distribución de cociña• Reparto, coordinación e distribución das tarefas diárias dos/as pinches e cociñeiro/as de producción e distribución.• Control de recepción de mercadorías en colaboración co persoal de almacén, realización de pedidos, control de pedidos, albaráns, rexistros etc.• Control e cuidado da conservación e aproveitamento das materias primas.• Supervisión das tarefas de loxística relacionadas co empratado e a posterior distribución de comidas así como a supervisión das cámaras de produto final.• Colaboración na preparación e razonamento das materias primas, empratado de alerxias e intolerancias alimentarias.• Control e supervisión, en colaboración cos/as cociñeiro/as adscritos/as á quenda, da producción diaria das racións solicitadas.• Supervisión e control do mantemento e uso de maquinaria, utensilios etc.• Xestión de incidencias en materia de avarías e mantemento de equipos, enxoaval e estruturas de cociña.• Supervisión e asignación de tarefas de limpeza aos/as pinches asignados/as á correspondente quenda, segundo o protocolo de limpeza• Tarefas de vixiancia, control dos parámetros e medidas relacionadas co Plan de Análise de Perigo e Puntos de Control Crítico (APPCC) que se lles asignen, así como do seu correspondente rexistro. Supervisión do cumprimento de protocolos establecidos.• Colaboración co Xefe/a de Cociña no deseño de menús, elaboración de protocolos e toma de medidas en cuestión de mellora da calidade.



- Control de presenza do persoal do Servizo e comunicación de calquera incidencia o respecto.
- Colaboración co resto do cadro de persoal na integración e funcional e formación do persoal substituto de nova integración.
- Uso de aplicativos informáticos utilizados en cociña tanto en dietética, compras, xestión de plantillas ou calquera outro.
- Por orde do/a Xefe/a de cociña deberá asumir tarefas de calquera cocíñeiro/a en calquera área funcional, cando por circunstancias imprevistas, se considere imprescindible.
- En ausencia do/a Xefe/a de Cociña, asumirá as responsabilidades deste que así decida o xefe/a do Servizo de Hostalaría.
- Participación nos procesos de avaliación da actividade ou competencias que se establezan para o persoal do servizo ou unidade, cumplimentando os datos ou cuestionarios que resulten precisos para estes efectos.
- Todas aquellas que lle sexan encomendadas polo seu superior inmediato.



ANEXO III

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN PARA A PROVISIÓN DE TRES POSTOS DE XEFE/A DE GRUPO – DA ÁREA DE PRODUCIÓN COCIÑA DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DA CORUÑA

DATA DA CONVOCATORIA: 16/05/2025	RESOLUCIÓN DO 6 DE MAIO DE 2025	DOG N.º 93
----------------------------------	---------------------------------	------------

DATOS PERSONAIS:

APELIDOS E NOME	DNI
DATA DE NACEMENTO	DOMICILIO
LOCALIDADE	PROVINCIA
TELÉFONO	

DATOS PROFESIONAIS:

VÍNCULO XURÍDICO:	DATA NOMEAMENTO CON PRAZA EN PROPIEDADE
CATEGORÍA	SITUACIÓN ADMINISTRATIVA
CENTRO DE DESTINO ACTUAL	

SOLICITO: Ser admitido/a á convocatoria de Xefe/a de Grupo – Área de Cociña, para o que se achega a seguinte documentación:

- Documento de identificación: fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que acredite a identidade, debidamente compulsados.
- Copia compulsada do seu nomeamento como persoal estatutario fixo ou certificación acreditativa de tal condición.
- Certificación acreditativa dos servizos prestados, en institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde, na que conste a categoría profesional e as datas de prestación de servizos
- Certificación acreditativa de encontrarse en situación de servizo activo na Área de Saúde de A Coruña.
- Currículo profesional que incluirá a documentación acreditativa dos méritos alegados.

En _____, a ____ de _____ de 2025

Asinado

XERENTE DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE.



ANEXO IV

I. CONCURSO DE MÉRITOS

1.- Experiencia profesional como persoal estatutario, nas institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde, en categoría que habilite para o acceso ao posto convocado (máximo 30 puntos):

a) Servizos prestados como persoal fixo:

- Na mesma institución sanitaria: 0,25 puntos por mes.
- Noutra institución sanitaria do Servizo Galego de Saúde: 0,2 puntos por mes.
- En institucións sanitarias doutros servizos sanitarios do Sistema Nacional de Saúde: 0,15.

b) Servizos prestados como persoal temporal:

- Na mesma institución sanitaria: 0,1 puntos por mes.
- Noutra institución sanitaria do Servizo Galego de Saúde: 0,075 puntos por mes.
- En institucións sanitarias doutros servizos sanitarios do Sistema Nacional de Saúde: 0,05 puntos.

2.- Méritos específicos (máximo 35 puntos)

2.a. Experiencia profesional:

- Na Institución Sanitaria: 0,125 puntos por mes (máximo 10 puntos)
- En postos pertencentes á área funcional en que se incardina o posto convocado: 0,125 puntos por mes
- En postos de xefatura, grupos C1 ou C2: 0,1 puntos por mes.

A puntuación por estas alíneas de experiencia profesional específica será acumulable.



2.b. grupo de clasificación:

Pola pertenza ao grupo C1: 5 puntos

3.- Outras actividades, realizadas nos últimos 7 anos, indicativas da actualización de coñecementos e aptitudes relacionados co desempeño das correspondentes funcións. Neste apartado valorarase (**máximo 35 puntos**):

1. Formación:

1.a) Pola asistencia, debidamente xustificada, a cursos de formación e perfeccionamento acreditados pola Comisión de Formación Continuada do Sistema Nacional de Saúde ou pola Comisión Autonómica, sempre que teñen un contido relacionado coas funcións propias do posto ao que se opta.

1.b) Pola asistencia, debidamente xustificada, a cursos de formación e perfeccionamento, convocados e impartidos pola Administración estatal, autonómica, universidades, INEM, Cruz Vermella, colexios profesionais, organizacións sindicais, ou avalados polo Servizo Galego de Saúde, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias do posto ao que se opta.

1.c) Pola asistencia, debidamente xustificada, a cursos de formación continuada realizados en aplicación dos acordos de formación continuada das Administracións Públicas, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias do posto ao que se opta.

Por crédito: 0,25 puntos

Por hora: 0,025 puntos

3.d) Coñecemento da lingua galega:

- Pola realización do curso de iniciación de lingua galega (NIVEL Celga 2): 2,5 puntos
- Pola realización do curso de perfeccionamento de lingua galega (NIVEL Celga 4): 5 puntos

A valoración do curso de perfeccionamento exclúe a valoración do curso de iniciación.



Os cursos valoraranse polos créditos que consten nas certificacións. De no constar os créditos, os cursos valoraranse polas horas que se especifiquen na propia certificación. No caso de que a certificación especifique créditos e horas, a valoración realizarase polos créditos que figuren nesta.

Valoraranse, en todo caso, a formación básica en materia de prevención de riscos laborais. O límite de 7 anos non se aplicará á formación universitaria posgraduada e aqueles cursos cuxo contido se manteña vixente no momento da convocatoria.

A puntuación máxima que se poderá acadar polo apartado de formación será de 30 puntos.

2. Docencia:

Por impartir docencia en cursos convocados e impartidos por unha Administración Pública sempre que os mesmos teñan un contido directamente relacionado coas funcións propias do posto ao que se opta.

Por crédito: 1 punto

Por hora: 0,1 puntos

A puntuación máxima que se podrá acadar polo apartado de docencia será de 5 puntos.